

CIRCULAR INFORMATIVA DO VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE SOBRE O RÉXIME DE APLICACIÓN DAS VACACIÓNS E DOS PERMISOS POR ASUNTOS PROPIOS DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

O artigo 8 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE do 14 de xullo) modifica a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) en materia de permisos e vacacións dos funcionarios públicos, quedando suspendidos e sen efecto os acordos, pactos e convenios para o persoal funcionario e laboral que non se axusten ao previsto neste precepto no relativo ao permiso por asuntos particulares, vacacións e días adicionais aos de libre disposición ou de similar natureza.

A entrada en vigor da anterior norma estatal impón a necesidade de aclarar a aplicación de diversos puntos Normativa sobre permisos licenzas do Persoal Docente e Investigador (PDI) (Aprobado por acordo do Consello de Goberno de 3 abril de 2008) á nova regulamentación de carácter básico, considerando as particularidades propias da prestación de servizos do PDI.

Por todo isto, esta vicerreitoría informa sobre os puntos que quedan sen efecto e as adaptacións precisas na Normativa sobre permisos licenzas do Persoal Docente e Investigador.

PRIMEIRO.- VACACIÓNS

No punto 1.5 da Normativa sobre permisos licenzas do Persoal Docente e Investigador, nos parágrafos referidos as vacacións anuais debe de seguirse as seguintes pautas:

1. El PDI terá dereito, durante cada ano natural, a unhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. Para estes efectos non se considerarán días hábiles os sábados.
2. As vacacións entenderanse concedidas, con carácter xeral, sen necesidade de solicitude, no mes de agosto.
3. Poderanse solicitar os correspondentes días de vacacións entre o 25 de xullo e o 7 de setembro, sempre que sexa compatible coas actividade docentes. Esta autorización será resolta polo/a decano/a ou director/a do centro de destino, co informe favorable do/a director/a do Departamento. Deberá empregarse o impreso publicado en:
http://www.udc.es/export/sites/udc/pdi/galeria_down/impresos/permisos.pdf
4. Nos casos en que o/a profesor/a finalizará unha baixa por incapacidade temporal, e sempre que non poda gozar do período de vacacións entre o 25 de xullo e o 7 de setembro, poderá autorizarse o seu goce en períodos distintos e ata o mes de xuño do ano seguinte a aquel en que finalizou a súa baixa, para o cal será precisa unha solicitude motivada do/a interesado/a a esta vicerreitoría.
5. A mesma regra anterior aplicarase á maternidade, adopción ou acollemento, acumulación de lactación, paternidade e permiso por matrimonio. Poderase unir o período de vacacións ao permiso por parto (art. 49 a) do EBEP).
6. Os centros permanecerán pechados pola tarde durante o mes de agosto. No caso do persoal que por motivos de traballos de investigación experimental que

requiran atención continuada precise acceder ao seu centro, deberá comunicalo ao/á decano/a ou director/a de centro coa necesaria antelación.

7. As traballadoras e os traballadores terán dereito a acumular as vacacións aos permisos por maternidade, paternidade ou lactación

SEGUNDO. PERMISOS POR ASUNTOS PARTICULARES

No punto 1.5 da Normativa sobre permisos licenzas do Persoal Docente e Investigador, nos parágrafos referidos aos asuntos particulares debe de seguirse as seguintes pautas:

1. Respectando sempre as actividades docentes, o PDI terá dereito a gozar por asuntos particulares (artigo 48 k) do EBEP) de ata tres días por ano natural, ou a parte proporcional ao tempo de servizos prestados, e poderán acumularse ás vacacións retribuídas anuais. Estes días poderán gozarse ata o 15 de xaneiro do ano seguinte.
2. Os días por asuntos particulares serán autorizados polo/a decano/a ou director/a do centro de destino, co informe favorable do/a director/a do Departamento. Deberá empregarse o impreso publicado en:
http://www.udc.es/export/sites/udc/pdi/galeria_down/impresos/permisos.pdf
3. Nos anos en que os días de 24 e 31 de decembro caeran en sábado ou domingo, terase dereito a gozar de dous días adicionais por asuntos particulares durante o mesmo ano (sempre que se manteña a relación funcional ou laboral coa UDC nesas datas).
4. Debido a que o día de inauguración do curso académico 2013/14 terá a condición de hábil na UDC, poderase gozar dun día adicional por asuntos particulares durante o ano 2013 (sempre que se manteña a relación funcional ou laboral coa UDC nesa data).
5. Debido a que a festividade do 12 de outubro de 2013 coincide cun sábado, poderase gozar dun día adicional por asuntos particulares durante o ano 2013 (sempre que se manteña a relación funcional ou laboral coa UDC nesa data).

A Coruña, 21 de xuño de 2013
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Gustavo Rego Veiga